



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución económica idioma 1: Francés-Español

Materia	Tradución económica idioma 1: Francés-Español			
Código	V01G230V01804			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Francés			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Rodríguez, Áurea			
Profesorado	Fernández Rodríguez, Áurea			
Correo-e	aurea@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia impartirase en francés e en castelán (50%-50%) e consta dos seguintes obxectivos:</p> <p>a) Afondar nos procedementos e técnicas da tradución especializada e analizar as dificultades que presenta un texto de tipo económico e financeiro.</p> <p>b) Mellorar a tradución de diversos tipos de textos do ámbito económico financeiro, amosando a capacidade de comprensión e de expresión nas dúas linguas de traballo (lingua materna e lingua estranxeira).</p> <p>*c) Adquirir as competencias necesarias para realizar a tradución directa e inversa de textos económicos e financeiros</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D4	Resolución de problemas

D6	Capacidade de xestión da información
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: Comprender e reformular textos de carácter económico e financeiro redactados na lingua materna e estranxeira. SUBCOMPETENCIA: Mellorar o coñecemento das institucións, do ámbito económico e financeiro de cada unha das culturas onde se empregan as dúas linguas de traballo e a súa relación co resto das economías mundiais así como do mercado internacional. Lograr entender e traducir calquera texto de carácter económico e financeiro tanto da lingua materna á lingua estranxeira como da lingua estranxeira á materna.	A1 A2 A4 A5	C2 C3 C4 C5 C8 C18 C22 C26	D2 D4 D6 D8 D22
COMPETENCIA TEXTUAL: dominar os principios constitutivos da comunicación textual dentro do ámbito económico e financeiro para traducir calquera texto deste ámbito temático, respectando os principios fundamentais (cohesión, coherencia, intencionalidade, aceptabilidade, informatividade, situacionalidade, intertextualidade) SUBCOMPETENCIAS: coñecer os diferentes tipos de textos económicos (xornalísticos, publicitarios, contratos, PÁXINAS WEB, cartas comerciais...) e as súas funcións (referencial, fática, expresiva e apelativa)	A1 A2 A3 A5	C2 C4 C5 C8 C9 C13 C15 C18 C22 C26 C27	D2 D4 D6 D8 D9 D22
COMPETENCIA TRADUTORA: Adquirir as competencias necesarias para traducir un texto especializado de carácter económico e financeiro sen interferencias. SUBCOMPETENCIAS: Perfeccionar o coñecemento dos axentes que interveñen no proceso de tradución (autor, mediador, tradutor, cliente, lector...) e a función comunicativa do texto. Analizar os textos especializados con vistas á súa tradución. Perfeccionar o coñecemento, as distintas técnicas e estratexias de tradución. Identificar os problemas propios da tradución especializada, especialmente dos textos económicos e financeiros; aprender a resolvelos, e argumentar as decisións de tradución. Saber utilizar con espírito crítico os recursos terminográficos e documentais para a tradución especializada (Internet como recurso terminográfico e documental). Respetar as normas de revisión e presentación das traducións. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico. Producir unha tradución axeitada no que se refire á súa corrección lingüística, á súa función e á súa conformidade coas normas asumidas da profesión.	A1 A2 A3 A4	C2 C4 C5 C8 C13 C17 C22	D4 D6 D8 D9 D22
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (francés-español-francés) do ámbito económico e financeiro tanto a nivel sintáctico como gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico, textual e fraseolóxico. SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos, as convencións ortotipográficas propias a cada cultura e dominar os conceptos básicos de tipo macroeconómico e microeconómico.	A1 A3 A4	C2 C3 C4 C5 C8	D2 D4 D6 D22

Contidos

Tema	
1. Introducción. O sistema económico actual	1. Conceptos macroeconómicos e microeconómicos
2. Os mercados financeiros	2. Os mercados financeiros: descrición e especificidades. Diferentes actores, intermediarios, organismos de supervisión. O papel da Bolsa e dos demais mercados financeiros na economía real.
3. A tradución económica e financeira en Francia, España e noutros países francófonos e hispanófonos ou potencias económicas.	3. Problemas específicos de textos de tipo económico e financeiro. Textos xornalísticos, páxinas web, informes de organismos supervisores ou outros, cartas comerciais, contratos, etc. 3.1. Elaboración de corpus e glosarios. 3.2. Fontes de documentación terminolóxicas, terminográficas e textuais en rede. 3.3. A tradución como actividade profesional. Os contratos. crítica e revisión de tradución 3.4. A correspondencia comercial e os CV

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	6	15	21
Resolución de problemas	30	58	88
Traballo tutelado	4	19	23

Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	2	10	12
Práctica de laboratorio	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	<p>Neste apartado de 2 h, a docente presentará a programación, explicando de forma detallada os contidos e os traballos que deberá realizar o alumnado. Comentarán a bibliografía así como a avaliación da materia.</p> <p>Diagnóstico inicial para coñecer o nivel do alumnado cun test ou mediante un texto con preguntas.</p>
Lección maxistral	<p>Para que o alumnado adquira un dominio suficiente para traducir textos económicos e financeiros desenvolveranse algunhas nocións teóricas sobre as competencias específicas da tradución económica e financeira, as ferramentas, os mercados financeiros, o sistema económico actual e conceptos macroeconómicos básicos.</p> <p>A pesar de que están neste apartado de sesión maxistral (6 h), as clases serán sempre de índole participativa e apoiadas por un soporte práctico.</p> <p>O alumnado terá que amosar a adquisición destas competencias teóricas mediante diferentes exercicios teóricos e prácticos.</p>
Resolución de problemas	<p>Neste apartado realizaranse análises de textos, resumos e esquemas, exercicios de tradución con textos adaptados ao nivel do alumnado así como a resolución de problemas ou dificultades de tradución.</p> <p>Realizaranse diferentes traballos e/ou exercicios paralelos á tradución dos distintos textos seleccionados:</p> <ul style="list-style-type: none"> -para traballar as competencias propias da tradución económica como o protocolo de procura de información (documentación) e terminoloxía. -para resolver calquera problema puntual relacionado coa tradución dos textos económicos e financeiros seleccionados así como co mercado da tradución do ámbito que nos ocupa. <p>Todos estes textos deberán ser previamente traducidos fóra da aula para a súa revisión e resolución de problemas en común nas clases.</p> <p>Unha vez resoltos os devanditos problemas entregaranse todos os textos en formato electrónico (TIC) e en papel debidamente maquetados e revisados con control de cambios para seguir o proceso de revisión.</p> <p>Solicitaranse, en ocasións, os primeiros borradores que o alumnado deberá realizar fóra da aula. Identificaranse da forma seguinte:</p> <p>APELIDO+NOME_TÍTULO_TXT1_V/TH</p> <p>GLOSARIOS:</p> <p>O alumnado deberá crear 2 glosarios (1 directa-1 inversa) para cada ámbito temático abordado. Os termos extraeranse do corpus de textos orixinais que se traducirán e dos textos paralelos utilizados durante o curso. Indicarase en cada caso as fontes utilizadas para as definicións que se inclúan no glosario en documento formato Excel cuxo modelo se atopa na plataforma MOOVI.</p> <p>Este corpus servirá de ferramenta para realizar as traducións e para elaborar o traballo escrito así como para a exposición oral final, polo que tanto os glosarios como o corpus deberán estar en construción permanente desde a primeira ata a última sesión.</p> <p>O corpus e os glosarios (Cf. información e modelo en MOOVI) deberán identificarse da forma seguinte:</p> <p>APELIDO+NOME_GLOSSAIRE_ESP-FRA APELIDO+NOME_GLOSSAIRE_FRA-FRA APELIDO+NOME_CORPUS1_ÉSP APELIDO+NOME_CORPUS1_FRA</p>
Traballo tutelado	<p>O alumno deberá elaborar un traballo baixo a supervisión da profesora sobre algunha das dificultades ou problemas terminolóxicos ou/e conceptuais de tradución que aparecerán reflectidos nos glosarios ou/e sobre o mercado laboral.</p> <p>A docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do devandito traballo na sesión de presentación da programación.</p> <p>As indicacións detalladas sobre a elaboración do traballo atópanse nun documento subido á plataforma MOOVI.</p> <p>O alumnado presentará oralmente na clase (exposición de 10-15 minutos) os resultados do seu traballo en francés. O devandito traballo deberá ser presentado tamén en versión papel e en versión electrónica no apartado de exercicios correspondente da plataforma MOOVI para completar a súa avaliación</p> <p>PROBA ORAL con ficha ou preguntas para avaliar a lectura da obra obrigatoria.</p> <p>Esta actividade avaliarase co traballo tutelado (alumnado asistente).</p> <p>PARA ALUMNADO NON ASISTENTE (VER OUTROS COMENTARIOS SOBRE AVALIACIÓN)</p>

Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar) Durante as prácticas autónomas a través de TIC, o alumnado coñecerá as bases de datos e recursos necesarios para a realización dos exercicios e/ou traducións dos textos de carácter económico e financeiro.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Prestarase unha atención personalizada en todo momento ao alumnado tanto na aula como fóra dela de forma presencial ou de forma telemática, preferentemente con cita.
Resolución de problemas	Prestarase unha atención personalizada en todo momento ao alumnado tanto na aula como fóra dela de forma presencial ou de forma telemática, preferentemente con cita
Traballo tutelado	Prestarase unha atención personalizada en todo momento ao alumnado tanto na aula como fóra dela de forma presencial ou de forma telemática, preferentemente con cita.
Prácticas con apoio das TIC (Repetida, non usar)	Prestarase unha atención personalizada en todo momento ao alumnado tanto na aula como fóra dela de forma presencial ou de forma telemática, preferentemente con cita.
Probas	Descrición
Práctica de laboratorio	Prestarase unha atención personalizada en todo momento ao alumnado tanto na aula como fóra dela de forma presencial ou de forma telemática, preferentemente con cita.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Lección maxistral	A avaliación das sesións maxistras permitirá coñecer a competencia adquirida polo alumnado sobre os conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar ao alumnado mediante un exame oral ou escrito (alumnado non asistente) ou mediante elaboración de resumos, exercicios ou crítica de artigos ou/e diferentes documentos (alumnado asistente).	10	A1 A2	C3 C8 C13
Resolución de problemas	Neste apartado avaliaranse os textos traducidos, pero tamén exercicios relacionados coa competencia lingüística e tradutora dos textos especializados do ámbito temático que nos ocupa. Poderán ser exercicios relacionados coa análise dos tipos de textos económico financeiros, dificultades de tradución dos devanditos textos, problemas máis frecuentes que presentan, problemas específicos de documentación e terminoloxía, crítica de traducións, etc. Terase en conta a calidade lingüística dos textos producidos polo alumnado e o respecto ás normas ortotipográficas de cada cultura. Deberanse entregar na plataforma e en versión papel todas as traducións debidamente revisadas con control de cambios e identificadas da seguinte forma: APELIDO+NOME+TÍTULOTXT1_V/TH Á vez que se realizan exercicios de tradución e resolución de problemas puntuais, o alumnado elaborará 2 glosarios (directa e inversa) que deberán estar en permanente construción desde a primeira ata a última sesión e avaliaranse dentro do apartado de presentacións e exposicións.	25	A1 A2 A3	C3 C4 C5 C8 C22
Traballo tutelado	O alumno deberá elaborar un traballo baixo a supervisión da profesora sobre algunha das dificultades ou problemas terminolóxicos ou/e conceptuais de tradución que aparecerán reflectidos nos glosarios ou/e sobre o mercado laboral. A docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do devandito traballo na sesión de presentación da programación. As indicacións detalladas sobre a elaboración do traballo atópanse nun documento subido á plataforma. O alumnado presentará oralmente na clase (exposición de 10-15 minutos) os resultados do seu traballo en francés. O devandito traballo deberá ser presentado tamén en versión papel e en versión electrónica no apartado de exercicios correspondente da plataforma para completar a súa avaliación PROBA ORAL con ficha ou preguntas para avaliar a lectura da obra obrigatoria. Esta actividade avaliarase co traballo tutelado (alumnado asistente). Para o alumnado non asistente ver Outros comentarios sobre a avaliación	20	A2 A3 A4 A5	C4 C5 C9 C15 C18

Práctica de laboratorio	1ª Proba aula 10% (TH-V). Data indicada pola profesora 2ª Proba aula (35% V-TH + comentario):	45	A1 C5 D4 A2 C8 D8 A3 C26 D9 A4 D22
	O alumnado recibirá 1 texto para cada combinación (directa 15% e inversa 15%+5% comentario) para ser traducido, tentando simular situacións reais de traballo. As probas realizaranse na aula e na data oficial publicada na web da FFT (duración de 1 h 50' cada unha) e fóra da aula se se trata dun encargo de tradución (directa e inversa) que se lle entregará ao alumnado nas condicións fixadas pola profesora e na mesma data da proba con tempo limitado na aula (data oficial publicada na web da FFT). Terase en conta a calidade lingüística dos textos e o respecto ás normas ortotipográficas de cada cultura.		

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN

Nas dúas primeiras semanas o alumnado deberá informar mediante documento escrito dirixido á docente se se acolle á avaliación continua ou non. Para acollerse á avaliación continua será preciso respectar os prazos de entrega dos exercicios e traducións solicitadas que se entregarán en papel e na plataforma. O documento que no se presente en forma e prazo será avaliado cun 0/10.

O alumnado que decida seguir a avaliación continua e obteña a cualificación de suspenso deberá presentarse á 2.ª edición de actas (xullo) nas condicións que se especifican a continuación:

1. Proba ORAL ou/e ESCRITA sobre as lecturas e artigos do curso: 20% da nota. A DATA FIXARASE O DÍA DA PROBA CON TEMPO LIMITADO
2. Tradución nun tempo limitado (1 h 50' FRA-ESP): 20% da nota (con ferramentas). DATA OFICIAL PUBLICADA NA WEB DA FFT.
3. Tradución nun tempo limitado (1 h 50') ESP-FRA: 20% da nota (se se trata dunha carta será sen ferramentas).DATA OFICIAL PUBLICADA NA WEB DA FFT.
4. Encargo de tradución con comentario para cada parte (DIRECTA E INVERSA) que recibirá o día da proba na aula con tempo limitado (DATA OFICIAL PUBLICADA NA WEB DA FFT) e que deberá entregar segundo as condicións especificadas no encargo nun prazo máximo de 3 días naturais: 40% da nota (20% DIRECTA+20%INVERSA).

NOTAS:

Será preciso aprobar cada unha das partes e subpartes (mínimo 5/10) para poder facer a media do conxunto.

O plaxio será motivo de suspenso. Non se admiten máis de 2 faltas graves de gramática ou de ortografía. Non se admiten máis de 2 falsos sentidos. O baremo está publicado na plataforma MOOVI.

1ª EDICIÓN DE ACTAS (XUÑO) E 2ª EDICIÓN DE ACTAS (XULLO) PARA ALUMNADO NON ASISTENTE

O alumnado non asistente poderá presentarse á 1ª EDICIÓN DE ACTAS de maio ou/e á 2ª edición de actas de xullo (data publicada na páxina web da FFT) nas condicións que se especifican a continuación:

1. Proba oral en francés sobre as lecturas e artigos do curso para comprobar a capacidade expresiva do alumnado non asistente e coñecementos teóricos: 20% da nota. A DATA FIXARASE O DÍA DA PROBA CON TEMPO LIMITADO
2. Tradución en tempo limitado (1 h 50' *FRA-ESP): 20% da nota (con ferramentas). DATA OFICIAL PUBLICADA NA WEB DA FFT.
3. Tradución en tempo limitado (1h 50' ESP-FRA): 20% da nota (sen ferramentas se se trata de cartas). DATA OFICIAL PUBLICADA NA WEB DA *FFT.
4. Encargo de tradución (DIRECTA E INVERSA) con comentario que recibirá o día da proba na aula (DATA OFICIAL PUBLICADA NA WEB DA FFT) e que deberá entregar segundo as condicións especificadas no encargo nun máximo de 3 días naturais: 40% da nota (20% DIRECTA+20% INVERSA).

NOTAS:

Será preciso aprobar cada unha das partes e subpartes (mínimo 5/10) para poder facer a media do conxunto

O plaxio será motivo de suspenso. Non se admiten máis de 2 faltas graves de gramática ou de ortografía. Non

se admiten máis de 2 falsos sentidos. O baremo está publicado na plataforma.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Áurea,, **La competencia documental en el aprendizaje de la traducción económica francés-español-francés : estudio de caso**, inTRAlinea.-- Vol. 17, (2015), pp. 89-122, 2015

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Áurea,, **La metáfora orientacional en traducción económica (fr-es-fr)/ Orientational metaphors in economics translation (fr-es-fr)/La métaphore d'orientation en traduction économique (fr-es-fr)**, Cedille. Revista de estudios franceses, N.º 17 ABR, 2020

Bibliografía Complementaria

LECTURAS OBLIGATORIAS,

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Áurea,, **La bolsa y su entorno en España y Francia Descripción, glosario y léxico/Le monde de la bourse en Espagne et en France. Description, glossaire et lexique**, Toulouse: Presses universitaires du Mirail (Col. A, 2010

Se entregarán otros recursos lexicográficos y documentales con cada actividad,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Español/V01G230V01705

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
